

UNHA ESTRELA NA CHAIRA: O BELEN DE BEGONTE

Era unha vez un vello país; un país situado na Fisterra de Europa. Un país, como moi ben dixo un dos seus fillos máis egrexios, “*dos dez mil ríos*”, “*dos mil vales*”, “*un país fermoso e eternamente verde*”. Neste país dos «*dez mil ríos*» hai unha comarca moi chá; chá coma a palma da man. Esta comarca é coñecida como a Terra Chá, e tamén co nome de A Chaira.

Cada decembro, desde hai trinta e cinco anos, o ceo da Chaira vístese de luz e de color. No máis alto do firmamento brilla e resplandece unha estrela: a do Belén de Begonte. Unha estrela que –coma a que apareceu en Palestina fai dous mil seis anos e levou ós Reis Magos ó Portal– guía ós máis de corenta mil romeiros que, en obrigada romaxe, acoden cada inverno a Begonte, ó Begonte do Belén, como lle chamou o Colectivo *Amen- cer* de Mondoñedo.

Begonte é, sen ningún tipo de dúbida, a Capital do Nadal. Se cada Nadal en toda Galicia e mesmo fóra dela se fala de Begonte é por esta estrela que loce no ceo da Chaira: o Belén Electrónico instalado no Centro Cultural *José Domínguez Guizán*.

Esta estrela é facho de relixiosidade: o que centra todo é a celebración do nacemento no tempo de Xesús de Nazaret. Nacemento que tivo lugar historicamente, pero Xesús vén agora ó noso encontro en cada home e en cada muller, en todo acontecemento para que o recibamos con fe e, polo amor, deamos testemuño da gozosa espera do seu reino. Esta estrela é facho de cultura: a

través de todas as actividades e de todos os concursos que se celebran ó redor do Belén Electrónico: Certame de Arte, de Poesía, de Xornalismo, de Debuxo infantil.

Esta estrela é facho de etnografía: no Belén están representados moitos oficios artesanais da nosa terra –algúns desaparecidos ou a piques de desaparecer– e están á vista varias construcións propias e características da Terra Chá.

Esta estrela é facho de convivencia: son máis de corenta mil as persoas de todas as clases sociais e idades que se achegan a Begonte cada decembro e alí conviven polo menos un tempo.

Este milagre do Belén de Begonte que, como xa se dixo, se dá cada Nadal, desde hai trinta e cinco anos, é posible polos azos, polo entusiasmo e pola dedicación dun grupo de persoas que –neste mundo cheo de présas, de velocidade, no que non hai tempo para nada– saben consagrar parte do seu tempo de lecer a este traballo de organizar o Belén Electrónico.

As mans arteiras e máxicas de José Rodríguez Varela (Joselín) artellan as diversas figuras e as diferentes construcións que forman parte do Belén Electrónico, ás que lles vai dar vida José Luis Varela Lagares. Carlos Torres é o encargado de recoller a carriza, esa “¡Cousiña humilde! o musgo” que, en versos de Noriega Varela, “O Bon Jesús o desina / pra enfeitizar seu nacemento”. Xa están as figuras feitas, xa están as casas construídas, xa está a instalación eléctrica lista, xa están os dispositivos electrónicos a punto, xa está a carriza apa-

ñada, xa está... Agora só falta ir montando a estrutura do Belén: facer as montañas, os ríos, ir cubrindo todo coa carriza, ir colocando as diversas construcións... tarefa que fan José Rodríguez Varela, José Luis Varela Lagares, Carlos Torres, Jesús Domínguez Guizán, Jesús Veiga, Ramiro Cruz e Pilar Gómez.

Todo está a punto para ir situando as distintas figuras que forman parte do Belén. José Rodríguez Varela (Joselín) coloca, no seu sitio, os diversos artesáns: o ferreiro, o carpinteiro, os serradores, a forneira, o pescador, o oleiro, o muiñeiro, as fiadoras, o cesteiro, os gadañeiros... José Luis Varela Lagares leva da man ó Rei Herodes e ós seus gardas. Jesús Veiga guía o Rei Gaspar para o seu sitio; Ramiro Cruz, ó Rei Melchor, e Carlos Torres, ó Rei Baltasar. Xulio Xiz vén afalando ó boi e á mula para que cheguen a tempo pois cada un tira para o seu lado. Os rapaces José Luis, Pili, Tamara e Lolita poñen os pastores e as ovellas, os porcos, as galiñas, os paxaros, o esquío... Jesús Domínguez Guizán coloca o anxo sobre o Portal e a estrela que ilumina e serve de guía. Da man feitiçeira de Pilar Gómez –a dona do Belén– chegan María e José, que ocupan o seu lugar no Portal.

Xa está o Belén artellado. Comezan a soar as panxoliñas. Os nenos están felices e ledos... e os máis grandes, tamén. Todos se poñen a cantar o popular vilancico «Con un sombreiro de palla...». Nisto... Uxía, unha nena rebuldeira, berra:

–¡Falta o Neno! ¡Falta o Neno Xesús!

Todos calan... Pois si, é verdade: falta a figura do Neno Xesús no berce do Portal. Ninguén se decatara. ¿Que facer?

Ó lonxe escóitase a música suave do *Adeste Fideles*, que cada vez se oe máis preto, máis preto, máis preto... Hai unha chuvia de estrelas fugaces no ceo da Chaira. Nunha desas estrelas vén, desde o alto, José Domínguez Guizán coa figuriña do Neno Xesús, que, con moito agarimo, coloca no berce do Portal, no medio de María e Xosé.

Agora si, agora está o Belén completo. Come-

za a festa rachada. Xa no ceo da Chaira se ve esa estrela que, como xa se dixo, orienta cara a Begonte, a Capital do Nadal, a todos eses romeiros que veñen de camiño. Óense ledas panxoliñas... Os nenos e os non tan nenos están ledos e felices... Algúns avós lembran o Nadal dos seus anos mozos, que fuxiron.

Este é o milagre que cada ano, polo Nadal, se dá en Begonte, na Chaira luguesa, nesa comarca natural dese país “dos dez mil ríos”, “dos mil vales”, dese país “fermoso e eternamente verde”, que chamamos Galicia.